

DESCONTENTO NA GALIZA CO TRATAMENTO DO LIXO

A revista OCU-Compra Maestra publicou no seu recente número 183 os resultados dunha enquisa realizada entre os seus sócios/as sobre a opinión que a xestión do lixo e a limpeza das cidades merece aos consumidores. Entre un total de 70 cidades do Estado Español, achan-se 5 cidades galegas, que presentan valoracións inferiores á media, segundo podemos ver no Cadro adxunto.

No que se refere á recollida do lixo, unicamente **Vigo** sobresaí por encima da media, resultado quizá da recente instalación de contenedores para a recollida selectiva en orixen, que ilusionou aos vigueses e viguesas, aínda que polo momento non tiveran tempo de comprobar se a proposta de reciclaxe vai realmente en serio ou é mais ben unha operación de imaxe, de lavado de cara. A valoración máis negativa tanto da recollida do lixo como da limpeza viária fai-na precisamente a poboación de Lugo, sitando-se no último lugar da relación de 70 cidades españolas. Destaca asimismo a valoración negativa dos coruñeses/as sobre a recollida do lixo por parte do concello herculino, que se sitúa no posto 51 da lista, moi por debaixo da metade. A **Coruña** aínda hoxe non conta con contenedores de vidro, nen con recollida selectiva de ningún tipo.



Con **Vitória** e **Pamplona** á cabeza das valoracións positivas, e **Córdoba** ocupando o sétimo lugar, todas elas cidades con certa implantación da recollida selectiva e sistemas de reciclaxe do lixo, indican-nos como o cidadán aprécia no que vale a preocupación municipal pola adopción de medidas ecolóxicas para a xestión dos residuos sólidos urbanos. As dúas primeiras presentan tamén unha alta valoración da limpeza viária, feito quizá indicativo do que afirma **Alfonso del Val** nestas páxinas: a xestión ecolóxica e participativa (recollida selectiva en orixen) do lixo facilita a educación ambiental e reduce os custos de limpeza viária.

CADRO

Opinión cidadá sobre o funcionamento dos servizos de recollida do lixo e limpeza viária

RECOLLIDA DO LIXO		LIMPEZA VIÁRIA		TAXA (PTAS./ANO/VIVENDA)
VIGO	▲▲	Santiago	▲▲	Santiago 8.400
Santiago	≡	A Coruña/Vigo	≡	Vigo 8.200
A Coruña/Ourense	▼	Ourense	▼	Ourense 4.608
Lugo	▼▼	Lugo	▼▼	A Coruña/Lugo ?*

LEITURA (EN RELACIÓN Á MÉDIA)

Moi por encima (▲▲), por encima (▲), igual (≡), por debaixo (▼), moi por debaixo (▼▼).

*Estes concellos non contestaron á solicitude de información por parte da revista OCU-Compra Maestra.